



## Recoñecemento “Arcoíris” da Dirección Xeral de Diversidade Sexual e Dereitos LGBTI do Ministerio de Igualdade 2021

Recoñecemento por Boas Prácticas  
de Inclusión da Diversidade Sexual e  
de Xénero no Ámbito Educativo

REDE EDUCATIVA DE APOIO  
LGBTIQ+ DE GALICIA

Por un ensino de todes e para todes, ÚNETE A NÓS!!



ASÓCIATE



<https://www.rededucalgbtqi.org>  
info@rededucalgbtqi.org

Tel. 616904346

# REDE EDUCATIVA DE APOIO LGBTIQ+ DE GALICIA

Asociación galega  
de docentes de  
educación regrada  
e non regrada



---

## Quen somos

---


**A Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia é a primeira e única asociación, sen ánimo de lucro e a nivel estatal, constituída por profesionais do ámbito educativo que traballamos a coeducación, a diversidade sexual, de identidade de xénero e familiar e a educación sexual nas nosas aulas.**

Somos unha asociación formada por profesorado en activo que desenvolve as súas tarefas no contexto educativo regrado e non regrado de Galicia.

Somos, por tanto, profesionais de todos os niveis educativos, dende infantil ata a universidade, e tamén educadorxs con responsabilidade no desenvolvemento de programas educativos.

Todas as persoas que formamos parte da rede compartimos o claro compromiso de incluír e visibilizar a realidade LGBTIQ+ en todos os contextos educativos.

---



---

## Profesorado asociado

---

**Máis de 100 en máis  
de 90 centros**

Visita a nosa web!!



[www.rededucalgbtiq.org](http://www.rededucalgbtiq.org)

---

## Piares da nosa asociación

---

### **A coeducación**

Acción educativa que potencia a igualdade real de oportunidades e a eliminación de calquera tipo de discriminación por razón de sexo ou xénero.

### **A educación en diversidade sexual, de identidade de xénero e familiar**

Práctica educativa que pon en valor a riqueza da diversidade humana e desenvolve estratexias para previr, detectar e intervir en calquera situación de discriminación por orientación sexual, identidade de xénero, expresión de xénero ou estrutura familiar

### **A educación sexual integral**

Proceso educativo que trata os aspectos cognitivos, psicolóxicos, físicos e sociais da sexualidade para poder desenvolver relacións sexuais baseadas no respecto, na dignidade, na saúde e no benestar propio e das outras persoas.

---